

SEREMOS MONITORAS E MONITORES DE EDUCACIÓN FÍSICA POR UN DÍA

A clase práctica durará uns 40 minutos. Os primeiros 2 minutos serán para que presentedes aos compañeiros a actividade plantexada. O resto do tempo hai que distribuílo en 3 partes:

1ª parte: Actividade ou actividades do QUECEMENTO (indicar o tempo aproximado de cada actividade)

2ª parte (sobre 25 -30 minutos): Actividades da PARTE PRINCIPAL (indicar o tempo aproximado de cada actividade)

3ª parte: Actividade de VOLTA Á CALMA (estiramientos ou o que cada grupo considere)

O borrador da planificación da clase entregaráse a profesora dúas clases antes da posta en práctica para que poida orientarvos na realización do mesmo.

O traballo teórico entregarase o mesmo día da posta en práctica na clase. Nel terá que constar:

1º folio:

- Título da actividade física proposta
- Nome e apelido dos participantes do grupo.
- Data na que se va a poñer en práctica na clase.
- Material necesario para desenvolver a actividade.
- Lugar onde se solicita realizar a actividade (ximnasio, patio cuberto, aula amplia...)

2º folio (e máis se se necesitan):

- Descrición detallada do desenvolvemento das actividades, dos seus obxectivos e o tempo aproximado de duración.
- As actividades distribuídas nas tres partes detalladas anteriormente (quecemento, parte principal, volta á calma).

VALORACIÓN DO 2º TRIMESTRE

RESULTADO:

– 25% **Traballo teórico:**

Terase en conta o nivel de explicación das diferentes actividades e a forma de ordealas (respectando as tres partes), a creatividade nos exercicios e o realismo das actividades plantexadas.

– 25% **Posta en práctica na clase do traballo teórico preparado:**

Terase en conta o nivel de implicación dos “monitores e/ou monitoras” e o control da orde das actividades. Cada membro do grupo ten que dirixir unha parte da clase (reparto proporcionado) pero ten que sabelas todas (a profesora pode preguntar a calquera do grupo sobre o contido e os obxectivos das diferentes actividades).

PROCESO:

- **50% Nivel de participación e destreza** amosado nas clases dirixidas polos demais compañeiros e compañeiras..